



Expediente: 865/2024

Acta da reunión da Mesa de Contratación do expediente tramitado para a contratación do “Servicio de organización e desenvolvemento de actuacións orientadas á conciliación familiar e laboral no Concello de Cervo”, valoración do informe emitido sobre a documentación técnica relativa aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e apertura sobre electrónico C.

Data: 31 de maio de 2024

Hora de comezo: 17.00 h

Hora de remate: 17.30 h

ASISTEN:

Preside:

María Dolores García Caramés, alcaldesa

Vogais:

Manuel Fra Pedre, secretario accidental municipal

María Isabel Seijo Rolán, interventora accidental municipal

Actúa como secretaria da mesa de contratación, a efectos de levantar acta, a funcionaria do Concello María Eugenia Piñeiro Díaz.

Trátase dun acto público.

Reunidos na Sala de Xuntas do Concello de Cervo a Mesa de Contratación para dar a coñecer o informe de valoración das ofertas presentadas que determina a suxeición ao establecido no apartado 23 “Criterios de valoración”, “Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor (49 puntos), así como a posterior apertura dos sobres electrónicos “C”.

O expediente tramitouse mediante procedemento aberto común, tramitación ordinaria e atendendo a varios criterios de adxudicación.

O orzamento base de licitación é: 181.847,04 €, máis o IVE 18.181,71 €, para un total de 200.031,74 €

O anuncio de licitación publicouse na sede electrónica e no Perfil de contratante o día 9 de maio de 2024.

As empresas que presentaron oferta para tomar parte no procedemento despois da publicación do anuncio de licitación no Perfil de Contratante e na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo o 24 de maio de 2024, son as seguintes:

Ludus Tempori SCG

Osventos Innovación en Servizos SL

IG10 Gestión Servicios SLU





Con data 29 de maio de 2024, a Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre electrónico A de cada unha das empresas ofertantes:

Ludus Tempori SCG: presenta o arquivo electrónico da documentación administrativa, axustándose ao establecido na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

Osventos Innovación en Servizos SL: presenta o arquivo electrónico da documentación administrativa, axustándose ao establecido na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

IG10 Gestión Servicios SLU: presenta o arquivo electrónico da documentación administrativa, axustándose ao establecido na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

Os membros da Mesa de Contratación, logo de examinar a documentación presentada e segundo o establecido no Prego de Bases acordaron declarar admitidas todas as ofertas presentadas.

De seguido, procedeuse á apertura do sobre B, para o análise das propostas en canto a criterios sometidos a xuízo de valor, cinxíndonos á maior e mellor adaptación e adecuación das distintas proposicións presentadas, atendendo aos criterios establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento de actuacións orientadas á conciliación familiar e laboral no Concello de Cervo.

Ludus Tempori SCG

Presentan un proxecto co desenvolvemento das actividades previstas.

Non aporta Anexo V.

A Mesa de Contratación, conforme ao establecido na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe esta contratación, en relación á corrección de documentos, entende que este Anexo V, pode requirirse á empresa previa á adxudicación do servizo no suposto de que fora adxudicatario.

Osventos Innovación en Servizos SL

Presentan un proxecto co desenvolvemento das actividades previstas.

Aporta Anexo V.

IG10 Gestión Servicios SLU

Presentan un proxecto co desenvolvemento das actividades previstas.

Aporta Anexo V.

Tamén se adoptou acordo no sentido de:

1º.- Declarar admitidas a documentación presentada por:

Ludus Tempori SCG

Osventos Innovación en Servizos SL

IG10 Gestión Servicios SLU





2º.- Facer un estudo e valorar os proxectos presentadas coa emisión do correspondente informe no prazo non superior a sete días; posteriormente, levarase a efecto o acto público de presentación do informe e a apertura das ofertas económicas (Sobre C).

Logo de estudar a documentación emitíuse o correspondente informe, que se puxo en coñecemento dos asistentes a esta sesión e que ten o seguinte teor:

“INFORME DE VALORACIÓN E COMPROBACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS QUE DETERMINA A SUXEIÇÃO AO ESTABLECIDO NOS CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDE DUN XUÍZO DE VALOR (ata 49 puntos), CLÁUSULA 23 CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Trala reunión da mesa de contratación celebrada o día 29 de maio de 2024 as 8:30 horas para a adxudicación e a tramitación ordinaria por procedemento aberto para a adxudicación do “Servizo de organización e desenvolvemento de actuacións orientadas á conciliación familiar e laboral no Concello de Cervo”; aberta a documentación referente ao proxecto técnico, Sobre B, acordouse na mesma que se valoren a maior e mellor adaptación e adecuación das distintas proposicións presentadas atendendo aos criterios establecidos na cláusula 23 “Criterios de Valoración” do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

ANÁLISE DAS PROPOSTAS EN CANTO A CRITERIOS SOMETIDOS A XUÍZO DE VALOR:

Terase en conta na valoración a adaptación e a adecuación a cada un dos criterios establecidos na introdución así coma nos apartados A, B e C, da cláusula vinte e tres dos pregos;

A. Programación e organización das actuacións:

Nun Proxecto Técnico que o licitador deberá presentar, deberá describir as liñas mestras da organización do servizo e dos mecanismos de comunicación entre os monitores, a coordinación da adxudicataria e o concello.

Os licitadores deberán propoñer un plan de organización xeral do servizo segundo os requirimentos especificados no PPT.

Neste criterio valorarase a concreción no desenvolvemento de cada unha das actividades previstas, en cuxo plan de traballo detállese a xestión dos recursos dispoñibles, as tarefas de coordinación, os mecanismos de fluxo de información e en xeral a secuencia de accións e o desenvolvemento das mesmas desde que xorde a necesidade.

Valorarase a coherencia do devandito plan, a flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades concretas do concello e dos usuarios. Non se considerará suficiente, nin será considerado a efecto de valoración, a mera transcripción literal ou quasi literal, simple e mimética das esixencias reflectidas no PPT. Trátase, por tanto, de que o licitador reflecta na súa oferta a súa cualificación para a elaboración dun proxecto propio e adecuado ao que se require e o coñecemento exhaustivo dos centros e da contorna.

Detallaranse neste apartado a relación de persoal a adscribir, a formación e titulación do mesmo, os sistemas de control utilizados e aquelas achegas de medios materiais que superen o esixido no PPT, e aquelas propostas de medios materiais que diminúan a xeración de residuos e fomenten a reutilización e a reciclaxe, así como o gozar do alumnado.

Xunto con todo o anterior, valorarase a demostración dun proxecto eficiente, a orientación aos diferentes perfís, de forma individual ou grupal, considerando e prevendo a necesidade,





neste último caso, de reforzos enfocados á non desatención, e a achega de ideas concretas o máis individualizadas posible, xunto coa formulación clara dos obxectivos para conseguir. A formulación clara dos horarios, o dimensionamento relacionado co número de nenos, a adecuación as idades, e a modalidade lingüística. Todo o es dentro dunha descrición da metodoloxía específica para cada grupo (idade/lingua) e a capacidade e flexibilidade ante as dificultades que se puidesen dar.

O Proxecto Técnico deberá estar detallado e estruturado de acordo con as esixencias do PPT.

A distribución da puntuación farase de forma proporcional en criterio de valoración que compón o Proxecto Técnico, atribuíndose aos contidos na seguinte baremación:

- Cualificación de “moi boa” que implica unha puntuación de 33 a 43 puntos.

Outorgarase cando se realice un estudo (formulacións) detallado sobre os aspectos correspondentes aos elementos do proxecto e propóñanse medidas de actuación (formulacións) adecuadas, precisas, ben definidas e/o innovadoras. Trasládense coa máxima claridade e transparencia todo aquilo que se di valorable na descrición do criterio, e demóstrase unha análise, diagnóstico, obxectivos, medios a empregar en metodoloxía idónea e concreta.

- Cualificación de “boa” entre 22 e 33 puntos. Outorgarase cando o estudo e proposta en relación co elemento para valorar sexa detallado e propóñanse algunhas medidas de actuación precisas e/o innovadoras, pero non se consiga o grao de excelencia previsto, ou se boten en falta cuestión aclaratorias o nos suficientemente definidas, ou simplemente a achega de materiais ou deseño das actividades presenten unha menor calidade.

- Cualificación de “regular”, entre 11 e 22 puntos. Outorgarase cando se limite a un superficial estudo do elemento para valorar e/o se realicen achegas escasas e pouco precisas. Falto da profundidade ou análise requirido, incompleto nalgúns aspectos ou que non deixen de todo claro o desenvolvemento da prestación do servizo.

- Cualificación de “deficiente”, entre 0 e 11 puntos. Outorgarase esta puntuación cando se melloren moi escasamente os aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica sobre o contrato. A oferta sexa excesivamente esquemática demóstreo pouco coñecemento da contorna social, das instalacións. Ou presente unha proposta xenérica que podería ser aplicable a calquera outro concello.

Cando non se melloren de ningún xeito os aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica sobre o contrato. Ou cando a oferta limítase a unha mera transcripción do prego sen proxecto individualizado.

B. Recursos materiais:

Influirán na puntuación no Proxecto Técnico, as características dos materiais e elementos achegados para o desempeño das funcións e tarefas educativas. Describírase a relación de materiais necesarios para a realización das actividades, así como a documentación de titularidade dos mesmos no caso de que se oferten actividades externas. Valorarase a mellor adecuación dos materiais para ofertar respecto das actividades propostas e a súa calidade; se son novos ou non, e o grao de detalle das características técnicas dos mesmos. A dotación suficiente e a capacidade de substitución en caso de rotura ou deterioración. A utilización de materiais actuais e innovadores e a dotación correcta sen que sexa necesario a incorporación de materiais de urxencia nin acudir ao Concello para o seu apoio nese área. Cualificación de “moi boa” que implica unha puntuación de 3 puntos.

Outorgarase cando mellor se adecuen os materiais para ofertar respecto das actividades propostas e a súa calidade; se son novos ou relativamente novos, e o grao de detalle das características técnicas dos mesmos. A utilización de materiais actuais e innovadores e a





dotación correcta sen que sexa necesario a incorporación de materiais de urxencia nin acudir ao Concello para o seu apoio nese área.

- Cualificación de “boa” que implica unha puntuación de 2 puntos. Outorgarase cando o estudo e proposta en relación co elemento para valorar sexa detallado e propóñanse materiais precisos e/o innovadoras, pero non se consiga o grao de excelencia previsto, ou se boten en falta cuestión aclaratorias, ou simplemente a achega de materiais que presenten unha menor calidade.

- Cualificación de “regular”, que implica unha puntuación de 1 punto. Outorgarase cando se limite a un superficial estudo de materiais para valorar e/o se realicen achegas escasas e pouco precisas. Falto da profundidade ou análise requirido, incompleto nalgúns aspectos ou que non deixen de todo claro o desenvolvemento dos materiais para o servizo.

- Cualificación de “deficiente”, que implica unha puntuación de 0. Outorgarase cando se presente unha proposta xenérica que podería ser aplicable a calquera outro concello. Cando non se melloren de ningún xeito os aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidas na documentación técnica sobre o contrato.

C. Recursos humanos:

Influirán na puntuación no Proxecto Técnico, a descrición dos medios humanos destinados á prestación do servizo. Valorarase a definición dos postos adscritos ao servizo (independentemente da acreditación e titulación esixida no apartado 5 da descrición dos servizos para prestar do presente documento), con indicación do perfil, as funcións, a organización interna e a formación. Así mesmo, contemplarase o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, e a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral; así como a comunicación entre a empresa e o Concello.

-Cualificación de “moi boa” que implica unha puntuación de 3 puntos.

Outorgarase cando exista unha clara definición dos postos adscritos ao servizo, o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, e a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, así como unha proposta clara sobre a comunicación entre a empresa e o Concello.

-Cualificación de “boa” que implica unha puntuación de 2 puntos. Outorgarase cando simplemente se describan os postos adscritos ao servizo, o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, e a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral dunha maneira pouco clara, así como unha mera explicación sobre a comunicación entre a empresa e o Concello.

- Cualificación de “regular”, que implica unha puntuación de 1 punto. Outorgarase cando simplemente se describan os postos adscritos ao servizo, non se xustifique o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, e a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, así como non se explique a comunicación entre a empresa e o Concello.

- Cualificación de “deficiente”, que implica unha puntuación de 0 puntos.

Outorgarase cando non se describan os postos adscritos ao servizo, non se xustifique o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, e a aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, así como non se explique a comunicación entre a empresa e o Concello.

Será rexeitada toda oferta que, na valoración final non obteña unha puntuación igual ou superior a 24,5 puntos.





PROPOSTAS A ANALIZAR E VALORAR:

IG10 GESTIÓN SERVICIOS SLU

Unha vez analizada esta proposta, chegamos ás seguintes conclusións.

A oferta presenta un índice do proxecto técnico de acordo coas esixencias do PPT, sen omitir ningún dos apartados establecidos.

A. PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

Observase que o proxecto técnico presenta unha temática central moi definida e concreta para o Concello de Cervo, demostrando o coñecemento do contorno no que se van desenvolver as actividades e con enfoques moi concretos.

No proxecto consta unha formulación moi detallada, cunha proposta clara de actividades e actuacións segundo a temática descrita; nas que facilmente se pode apreciar o coñecemento da actividade.

Oferta unha combinación de actividades convencionais e outras máis novas como un obradoiro de inglés que se desenvolverá un día á semana. Tamén propón unha festa de despedida do verán xogando con water balls, inchables acuáticos e xogos na auga.

Este proxecto conforma un programa educativo completo cunha clara concreción de contidos e horarios.

Adáptase ao establecido no PPT, detallando os horarios e as actividades a desenvolver, adaptados e definidos sobre a temática presentada.

Sobre a metodoloxía de traballo presenta unha descrición clara e concreta.

En canto ao tratamento da perspectiva de xénero, na programación e proposta de actividades non sexistas, presenta bloques moi definidos e claros, propoñendo sete enfoques distintos a desenvolver.

Tanto a coordinación do servizo como o sistema de avaliación e control de calidades propostos considéranse adecuados.

A proposta presentada por IG10 Gestión Servicios SLU, considérase de cualificación moi boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 40 puntos.

B. RECURSOS MATERIAIS.

Na súa proposta asume a obrigatoriedade ao seu cargo do cambio de materiais no caso de que se produzan cambios ou alteracións para levar a cabo a programación de actividades.

Detalla só materiais a utilizar segundo o establecido na PPT.

Relaciona os materiais menores con respecto ás actividades propostas.

Propón materiais actuais e innovadores detallando antigüidade e características dos mesmos (material premium).

A proposta presentada por IG10 Gestión Servicios SLU, considérase de cualificación moi boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 3 puntos.

C. RECURSOS HUMANOS.

Presenta unha clara definición dos postos adscritos ao servizo, identificando aos monitores.

Sobre o cumprimento de criterios en materia da promoción da igualdade entre homes e mulleres, establece un 50% dos postos de traballo do programa para mulleres.





En relación á aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, propón a rotación dentro dos departamentos cando sexa necesario e así recuperar os días que se necesiten por esta cuestión.

Referente á comunicación entre a empresa e o Concello presenta unha proposta clara.

A proposta presentada por IG10 Gestión Servicios SLU, considérase de cualificación moi boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 3 puntos.

LUDUS TEMPORI S. COOP. GALEGA

Unha vez analizada esta proposta, chegamos ás seguintes conclusións.

A oferta presenta un índice do proxecto técnico de acordo coas esixencias do PPT, sen omitir ningún dos apartados establecidos. Obsérvase que a oferta non se atopa paxinada.

A. PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

Obsérvase que o proxecto técnico presenta unha temática pouco definida e moi xenérica, que ben podería ser o dunhas actividades en xeral de aplicación a calquera contrato e concello. Non consta unha referencia e coñecemento do contorno no que se van desenvolver as actividades.

No proxecto consta unha formulación detallada, cunha proposta de actividades e actuacións pero cunha temática xenérica.

Oferta unha combinación de actividades convencionais e tamén propón unha festa de fin das actividades sen definir.

Este proxecto conforma un programa educativo xenérico concretando contidos e horarios.

Adáptase ao establecido no PPT, detallando os horarios e as actividades a desenvolver, sobre unha temática xenérica.

Sobre a metodoloxía de traballo presenta unha descrición concreta.

En canto ao tratamento da perspectiva de xénero, na programación e proposta de actividades non sexistas, presenta un módulo de actividades específicas.

Tanto a coordinación do servizo como o sistema de avaliación e control de calidades propostos considéranse adecuados.

A proposta presentada por Ludus Tempori S. Coop. Galega, considérase de cualificación boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 30 puntos.

B. RECURSOS MATERIAIS.

Na súa proposta asume a obrigatoriedade ao seu cargo do cambio de materiais no caso de que se produzan cambios ou alteración para levar a cabo a programación das actividades. Detalla só materiais a utilizar segundo o establecido na PPT.

Trátase dunha relación de materiais que poderían ser utilizados en calquera servizo destas características. Non propón materiais actuais e innovadores.

A proposta presentada por Ludus Tempori S. Coop. Galega, considérase de cualificación regular, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 1 punto.





C. RECURSOS HUMANOS.

Presenta unha simple descrición dos postos adscritos ao servizo.

Sobre o cumprimento dos criterios en materia da promoción da igualdade dará formación específica en prevención de riscos profesionais, igualdade entre homes e mulleres.

Non fai referencia á aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Referente á comunicación entre a empresa e o Concello presenta unha proposta clara.

A proposta presentada por Ludus Tempori S. Coop. Galega, considérase de cualificación boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 2 puntos.

OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL

Unha vez analizada esta proposta, chegamos ás seguintes conclusións:

A oferta presenta un índice do proxecto técnico de acordo coas esixencias do PPT, sen omitir ningún dos apartados establecidos.

A. PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

Obsérvase que o proxecto técnico presenta unha temática xenérica, que ben podería ser o dunhas actividades en xeral, de aplicación a calquera contrato e concello. Non consta unha referencia e coñecemento do contorno no que se van desenvolver as actividades.

No proxecto consta unha formulación detallada, cunha proposta de actividades e actuacións pero cunha temática xenérica.

Oferta unha combinación de actividades convencionais, concretando contidos.

Adáptase ao establecido no PPT, non detalla os horarios e as actividades a desenvolver.

Sobre a metodoloxía de traballo presenta unha descrición concreta.

En canto ao tratamento da perspectiva de xénero, na programación e proposta de actividades non sexistas, presenta un módulo de actividades específicas.

Tanto a coordinación do servizo como o sistema de avaliación e control de calidades propostos considéranse adecuados.

A proposta presentada por Osventos Innovación en Servicios, SL, considérase de cualificación boa, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 23 puntos.

B. RECURSOS MATERIAIS.

Na súa proposta asume a aportación dos materiais necesarios para levar a cabo a programación de actividades.

Detalla só materiais a utilizar segundo o establecido na PPT.

Trátase dunha relación de materiais que poderían ser utilizados en calquera servizo destas características. Non propón materiais actuais e innovadores.

A proposta presentada por Osventos Innovación en Servicios, SL, considérase de cualificación regular, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 1 punto.





C. RECURSOS HUMANOS.

Presenta unha simple descrición dos postos adscritos ao servizo.

Non consta referencia a criterios en materia da promoción da igualdade.

Non fai referencia á aplicación de medidas de conciliación da vida familiar e laboral.

Referente á comunicación entre a empresa e o Concello presenta unha proposta clara.

A proposta presentada por Osventos Innovación en Servizos, SL, considérase de cualificación regular, adaptada ás necesidades previstas no PPT. Puntuación: 1 punto.

Empresa	Proxecto técnico	Recursos materiais	Recursos humanos	Total puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	40	3	3	46
Ludus Tempori S. Coop. Galega	30	1	2	33
Osventos Innovación en Servizos, SL	23	1	1	25

Tendo en conta o establecido nos criterios de valoración do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación deste servizo "Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor"; lembrando que consta " Será rexeitada toda oferta que, na valoración finan non obteña unha puntuación igual ou superior a 24,5 puntos".

Logo de ver o informe, as empresas admitidas que tiveron unha valoración superior a 24,50 puntos :

Empresas	Puntos xuízo de valor
IG10 Gestión Servicios SLU	46
Ludus Tempori S. Coop. Galega	33
Osventos Innovación en Servizos, SL	25

De seguido procedeuse á apertura do sobre electrónico C "Oferta económica", que se aplicarán os criterios avaliados automaticamente:

Empresa	Prezo	IVE (10%)	Total
IG10 Gestión Servicios SLU	55.945,00 €	5.594,50 €	61.539,50 €
Ludus Tempori S. Coop. Galega	58.900,00 €	5.890,00 €	64.790,00 €
Osventos Innovación en Servizos, SL	58.782,35 €	5.878,24 €	64.660,59 €

De seguido procédese a valorar as ofertas:

Criterios cuantificables automaticamente (51 puntos):

1.- Prezo (de 0 ata 45 puntos).

Outorgaranse 45 puntos á proposta máis beneficiosa e o resto das propostas puntuaranse en función da seguinte fórmula:

$$P_i = P_m \times (M_o / O_i)$$





P_i puntuación debida á oferta económica do licitador i

P_m é a puntuación máxima

M_o é a oferta económica máis baixa presentada e admitida, sen IVE

O_i é o valor da oferta económica presentada polo licitador i , sen IVE

Empresa	Prezo	Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	55.945,00 €	45,00
Ludus Tempori S. Coop. Galega	58.900,00 €	42,74
Osventos Innovación en Servizos, SL	58.782,35 €	42,83

2.- Recursos humanos para a execución do servizo (6 puntos).

Pola adscrición á execución da contratación, ademais do mínimo requirido no PPT, por ser un recurso superior aos que se establecen no PPT mencionado e no PCAP, dun/dunha director/a con título de licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía ou equivalentes, que afectará de maneira significativa á calidade e á mellora da execución do mesmo.

Empresa	RRHH	Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	Pedagogía	6
Ludus Tempori S. Coop. Galega	Pedagogía	6
Osventos Innovación en Servizos, SL	Psicoloxía	6

Sendo a puntuación total dos diferentes apartados valorados a seguinte:

Empresa	Xuízo valor	Valorac. Prezo	RRHH	Total Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	46	45,00	6	97,00
Ludus Tempori S. Coop. Galega	33	42,74	6	81,74
Osventos Innovación en Servizos, SL	25	42,83	6	73,83

Quedando a clasificación das ofertas presentadas segundo a puntuación obtida da seguinte maneira:

Empresa	Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	97,00
Ludus Tempori S. Coop. Galega	81,74
Osventos Innovación en Servizos, SL	73,83

Sen máis, levantouse a Mesa de Contratación sendo as 17.30 horas do expresado día, do que a funcionaria que actúa como secretaria da Mesa de contratación levanta esta acta.

A Mesa de Contratación
Documento asinado electronicamente á marxe.